

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 15 de xullo de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día quince de xullo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(816).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 1 de xullo de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(817).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO EXCMO. SR. ALCALDE, DE 8.07.11, DE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE.**

Dáse conta da resolución do Excmo. Alcalde, do 8.07.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*En sesión de data 8 de xullo 2011, a Xunta de Goberno Local acordou a adscrición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.*

*Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cese do mesmo; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente RESOLVO:*

Primeiro.- Cesar a D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, como asesor do grupo político municipal do PSOE, posto para o que foi nomeado segundo a miña Resolución do 17.06.2011.

Segundo.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas por esta Alcaldía para os postos de Dirección de Gabinete e Dirección de Comunicación.

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Director de Gabinete da Alcaldía	Xornada completa	43.671,42 €.	Freo. Javier Pardo Espiñeiral
Directora de Comunicación da Alcaldía	Xornada completa	35.312,75 euros.	Mónica Rodríguez Daponte

Terceiro.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, á persoa proposta polo grupo municipal socialista, como auxiliar administrativo.

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Auxiliar Administrativo do grupo político municipal do PSOE	Xornada completa	21.473,51 euros.	Ana Belén López Villar

O presente nomeamento terá efectos económicos e administrativos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 8.07.2011.

Quinto.- *Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local, dispoñendo igualmente a publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de editos do Concello de Vigo.*

Sexto.- *Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupo político municipal do PSOE, aos efectos oportunos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(818).- PRÓRROGA DO CONTRATO DA CAMPAÑA DE INFORMACIÓN “O CONCELLO INFORMA” PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL. EXPTE. 4521/101.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 27.06.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-la prórroga para o periodo comprendido entre o 01-08-2011 ó 31-07-2012 do contrato da campaña de información “O Concello Informa” para a prestación dos servizos de publicidade institucional, do que é actual adxudicatario “Ecovigo Publicidade, S.L”.

O importe da prorroga será de 200.600 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 9121.226.02.00 de acordo coa seguinte distribución: 85.000 euros no ano 2011 e 115.600 euros no ano 2012.

**4(819).- DAR CONTA DAS SETENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.**

Dáse conta das seguintes sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 388/2010 P.A. Demandante: SINDICATO PROVINCIAL DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE PONTEVEDRA DA CGT. Obxecto: Xunta Goberno local 24-09-2010 en reposición (e 28-05-2010) Bases da O.E.P. 2008, praza de técnico de servizos económicos. Desestimado o recurso.

b) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 131/2011 P.A. Demandante: D. ANTONIO LORENZO ESTÉVEZ. Obxecto: Desestimación presunta de reposición contra auto do 29-11-2010, reclamación patrimonial (Expte.: 2644/243). Desestimado o recurso.

c) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, RC-A nº 117/2011 P.A., Demandante: D. SANTIAGO BELOSO COSTAS. Obxecto: Silenzo administrativo

reclamación patrimonial (Expte.: 2764/243). Declara rematado o proceso por satisfacción extraprocesual.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, RC-A nº 140/2011 P.A., Demandante: CONTENUR, S.L. Obxecto: Resolución do 28-01-2011, en reposición, reclamación patrimonial (Expte.: 2385/243). Desestimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, RC-A nº 142/2011 P.A. Demandante: CONTENUR, S.L. Obxecto: Resolución do 27-01-2011, en reposición, reclamación patrimonial (Expte.: 2343/243). Desestimado o recurso.

f) Sentenza do Xulgado do C-A nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 42/2011. Demandante: GUADALUPE VIDAL FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 2/12/2010, en materia de sanción de tráfico por estacionamento, expediente de orixe: 108627703. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 4ª, no rec. Apelación nº: 15054/2010, interposto pola C.P. MARTINEZ GARRIDO, 61. Obxecto: Sentenza do X.Contencioso-Administrativo en relación coa Resolución do 21-04-2009 do TEA do Concello de Vigo sobre taxas por servizo de AUGAS (solicitude devolución). Inadmisibile o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 156/2011 P.A. Demandante: Dª. ANA MARÍA BARREIRO SOLAR. Obxecto: Resolución do 25-01-2011 (en reposición) reclamación patrimonial -Expte.: 2292/243. Desestimado o recurso.

i) Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 2ª, no rec. Apelación nº: 4489/2009 interposto por U.T.E. ELOYMAR-TRANVÍAS contra Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo en relación coa desestimación “presunta” polo Concello de Vigo de reclamación de cantidade por responsabilidade contractual. Desestimado o recurso.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 45/2011 P.A. Demandante: D. FRANCISCO ALONSO ÁLVAREZ. Obxecto: Resolución do 25-04-2011 de reclamación patrimonial. Expte.: 2712/243. Desestimado o recurso.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 356/2010 P.O. Demandante: D. CLAUDINO BOUZA RIVAS. Obxecto: Desestimación “presunta” reclamación patrimonial. Expte.: 2194/243. Desestimado o recurso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das precedentes sentenzas e autos.

**5(820).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB VIGOSTICK PARA O PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE, TEMPADA 2010-2011. EXPTE. 10642/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 30.06.11, o informe de fiscalización, do 6.07.11, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.06.11, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Vigo Stick C.H. 2001 para o proxecto de actividades do equipo de elite da entidade da categoría OK Liga Feminina pola actividade na tempada 2010/2011.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 31.000,00 €. a favor da entidade: Club Vigo Stick C.H. 2001 co CIF: G-36888113 con enderezo social na rúa areal Nº 18 en Vigo, e número de conta corrente 2080-0000-71-0040273968. Este crédito e con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO STICK VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2010-2011.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dousmil once.*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don \_\_\_\_\_ na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Enrique Urdiales de Santiago como presidente da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001, CIF nº G-36888113 e enderezo social na rúa Areal Nº 18 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10642-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

## MANIFESTAN

I.- Que a entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 conta cun equipo de élite que participa na categoría OK Liga Feminina, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2010/2011.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.08, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 31.000,00 €, a favor da entidade deportiva Vigo Stick Club de Hockey 2001 .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 na tempada 2010/2011.

V.- Que a entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 10642-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001, o Concello de

Vigo e a dita entidade deportiva convenen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

*Primeiro.- A entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*

*2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*

*3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

*4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.*

*5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os médios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 , (revista, web, etc).*

*3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 unha subvención por importe de 31.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.08 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de élite da entidade na tempada deportiva 2010/2011.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*



*- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD*

1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de élite na tempada 2010-2011, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2011.

**6(821).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO PARA ORGANIZAR O XXIII GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO O 23.07.11. EXPTE. 10646/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 8.07.11, asinado polo Concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro sábado 23 de xullo de 2011, o XXIII GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO, dita proba comezará ás 17.30 horas e rematará ás 19.30 horas, tendo o circuíto programado polo Barrio do Meixoeiro, Avda. De Madrid (vella), Camiño Tixolo e Camiño do Meixoeiro.

**7(822).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 26.850,75 € A FAVOR DE AUTOCARES LA FLORIDA S.A.L. POLO SERVIZO DE TRANSPORTE DO PROGRAMA “VIGO POR DENTRO” (ABRIL E MAIO). EXPTE. 12933/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 6.07.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 16.06.11, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/02/2011 polo que se aprobaba a segunda prórroga do contrato do servizo do programa educativo municipal Vigo por Dentro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 10 de decembro de 2007 a Producción e Xestión Cultural, SL, o Lote A (monitoraxe e comunicación), e a Autocares La Florida, SA, o lote B (transporte), dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012”

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “AUTOCARES LA FLORIDA, SAL” (CIF A36642536), por un importe total de 26.850,75 euros, pola prestación do servizo de TRANSPORTE do programa educativo municipal “Vigo por dentro”, correspondente aos meses de abril e de maio 2011, que se imputarán á partida presupostarias 3210 227 99 05 do vixente exercicio.

**8(823).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 10.714,39 € A FAVOR DE AUTOCARES LA FLORIDA S.A.L. POLO SERVIZO DE TRANSPORTE DO PROGRAMA “VIGO POR DENTRO” (XUÑO). EXPTE. 12974/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 6.07.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 30.06.11, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/02/2011 polo que se aprobaba a segunda prórroga do contrato do servizo do programa educativo municipal Vigo por Dentro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 10 de decembro de 2007 a Producción e Xestión Cultural, SL, o Lote A (monitoraxe e comunicación), e a Autocares La Florida, SA, o lote B (transporte), dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012”

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “AUTOCARES LA FLORIDA, SAL” (CIF A36642536), por un importe total de 10.714,39 euros, pola prestación do servizo de TRANSPORTE do programa educativo municipal “Vigo por dentro”, correspondente ao mes de xuño 2011, que se imputará á partida presupuestaria 3210 227 99 05 do vixente exercicio.

**9(824).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.479,53 € A FAVOR DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MONITORAXE E COMUNICACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POR DENTRO” (XUÑO). EXPTE. 12975/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 6.07.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 30.06.11, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/02/2011 polo que se aprobaba a segunda prórroga do contrato do servizo do programa educativo municipal Vigo por Dentro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 10 de decembro de 2007 a Producción e Xestión Cultural, SL, o Lote A (monitoraxe e comunicación), e a Autocares La Florida, SA, o lote B (transporte), dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012”.

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.” (CIF B36743755), por un importe total de 13.479,53 euros, pola prestación do servizo de monitoraxe e comunicación do programa educativo municipal “Vigo por dentro”, correspondente ao mes de xuño de 2011, que se imputará á partida presupuestaria 3210 227 99 05 do vixente exercicio.

**10(825).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.000 € A FAVOR DA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO EN CONCEPTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE DITA ENTIDADE E O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7874/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 4.07.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Medio Ambiente, do 30.06.11, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo, con C.I.F.: G-36.638.955, correspondente á factura de data 07/06/2011 (doc. 110084004) polo concepto de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas” por importe de 8.000 euros, con imputación á partida 1720.227.99.04 do orzamento en vigor.

**11(826).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE O IMSERSO E A FUNDACIÓN ONCE PARA A INCORPORACIÓN DE 2 EUROTAXIS PARA O SERVIZO NA CIDADE. EXPTE. 79764/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 12.07.11, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

O Sr. Alcalde en data 31 de marzo de 2011 formulou ante o MINISTERIO DE EDUCACION, POLITICA SOCIAL E DEPORTES e Fundación ONCE, solicitude de adhesión ao Convenio de colaboración co "INSTITUTO DE MAYORES Y SERVICIOS SOCIALES", (IMSERSO), e a Fundación ONCE para a extensión do servizo de taxi accesible, solicitando a incorporación de 3 eurotaxis.

En data 8 de xullo do ano en curso o Concello recibe comunicación polo que a Comisión de seguimento do Convenio marco IMSERSO-FUNDACION ONCE de data 14 de marzo de 2011, acordou na súa reunión de 24 de xuño de 2011, aprobar a proposta de adhesión a dito convenio para a posta en servizo de 2 autotaxis accesíbeis, dos tres solicitados e solicitan a ratificación de participación do Concello.

Polo exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA

Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao Convenio plurianual de colaboración entre o INSTITUTO DE MAYORES Y SERVICIOS SOCIALES (IMSERSO), a Fundación ONCE, para a cooperación e inclusión social de persoas con discapacidade e o Concello de Vigo, para a realización dun proxecto de accesibilidade no transporte por autotaxi, consistente na incorporación de 2 novos eurotaxis para servizo na cidade.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **12(827).- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da proposta da concelleira delegada de Contratación, de 14.07.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*O órgano de contratación do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, a tenor do disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), deberá ser asistida por unha Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas (artigo 295.1 LCSP).*

*A Mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario (artigo 295.2 LCSP). O Secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre quenes teñan atribuído legal ou*

reglamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-presupuestario (artigo 295.3 LCSP).

Por imperativo legal so é necesario que a Mesa de contratación asista ós órganos de contratación das administracións públicas nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 161.1. Nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncio de licitación (importes inferiores a 200.000.- € nos contratos de obras e inferiores a 60.000.- € no resto dos contratos) a constitución da Mesa será potestativa (artigo 295.1 en relación co 161.2 LCSP). Non entanto, a xuízo desta Concellaría, para a mellorar a asistencia da Xunta de Goberno Local na conformación da súa vontade de adxudicación, resulta axeitado que a constitución da Mesa sexa preceptiva en tódolos procedementos negociados sexa cal sexa o valor estimado da contratación a realizar, é dicir, requiran ou non requiran publicación de anuncio.

A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 295.3 LCSP).

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 da LCSP.

A lei atribúe a competencia para iniciar os expedientes de contratación ó órgano de contratación, que deberá motivar a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 (artigo 93 da LCSP). En aras de lograr unha unha maior axilidade na tramitación dos mesmos, esta competencia pode ser delegada nos concelleiros de Area.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, órgano colexiado de asistencia e proposta en materia contractual, estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:

- D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez, Concelleira de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación.  
Suplentes: D. Carlos López Font, D. David Regades, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, D. Manuel Fernández Pérez,

Vocais:

- D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Suplente: D. Isaura Abelairas Rodríguez, Cayetano Rodríguez Escudero, Ángel Rivas González.
- D. Antonio Bernárdez de Dios. Suplentes: D<sup>a</sup>. Teresa Egerique Mosquera
- D<sup>a</sup>. Iolanda M<sup>a</sup> Veloso Ríos. Suplente: D. F. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro.
- Titular da Asesoría Xurídica: D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, técnica de administración xeral.

*Suplentes do titular da Asesoría Xurídica na Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*

- *Don Pablo Olmos Pita, Técnico de administración xeral, letrado da Asesoría Xurídica.*
- *Dona Susana García Álvarez, Técnica de administración xeral, letrada adxunta ao xefe do servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica.*
- *Don Xesús Costas Abreu, Técnico de administración xeral, letrado xefe deste último servizo.*

– *Interventor Xeral:*

*Suplentes do Interventor Xeral na Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*

- *Dona Catalina Alfayate Rodríguez, Técnico de fiscalización e control financeiro*
- *Dona Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización.*
- *Don Javier Muradas Blanco, Técnico Medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral.*

– *Secretario Xeral do Pleno. Suplente: Titular do Organo de Apoio á Xunta de Goberno.*

– *Xefe do servizo xestor do expediente que se trate ou persoa na que delegue.*

*Secretario:*

- *D. José Manuel Vieites Alén, Xefe da oficina administrativa de Contratación.*
- *D<sup>a</sup>. Beatriz Barbara Rodríguez, técnica de administración xeral.*
- *Suplentes: D<sup>a</sup>. Sela Bernardez Gil, técnica de administración especial do Servizo de Patrimonio, e D. Lucio Varela Borreguero, técnico de administración xeral.*

*Segundo:* *En casos de ausencia ou enfermidade, e en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes.*

*Terceiro:* *A Mesa de Contratación constituirase preceptivamente ó obxecto de formular proposta de adxudicación en tódolos procedementos negociados requiran ou non publicación de anuncio. Será a Mesa a que negocie os aspectos económicos e técnicos do contrato.*

*Cuarto:* *Delégase nas distintas Concellarías Delegadas e nos Delegados de Áreas membros da Xunta de Goberno Local a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente. Das adxudicacións acordadas darase conta á Xunta de Goberno Local.*

*Quinto:* *Cando nos procedementos abertos ou restrinxidos se atribúa a criterios que dependan dun xuízo de valor unha puntuación superior ós criterios evaluables automaticamente por aplicación das fórmulas establecidas nos Pregos, a Xunta de Goberno Local nomeará un Comité de Expertos dun mínimo tres membros con cualificación adecuada non integrados na dependencia ou servizo propoñente do contrato. A Mesa, previas as aclaracións que estime pertinentes, incorporará a puntuación do Comité á puntuación posterior que realice dos criterios de aplicación automática resultando de todo elo a avaliación das distintas ofertas.*

*Sexto:* *Nos procedementos de diálogo competitivo incorporaranse á Mesa de Contratación persoas cualificadas na materia sobre a que verse o diálogo designadas pola Xunta de Goberno Local nun*

número igual ou superior ó terzo dos membros da Mesa. Participarán nas deliberacións con voz e voto.

Séptimo: *Ínstase á área municipal de Servizos Xerais a dotarse dos medios persoais e materiais adecuados ó obxecto de que a Oficina de Supervisión de Proxectos de exacto cumprimento do sinalado no art. 109 da LCSP. O informe desta Oficina, previo á aprobación técnica do proxecto, será preceptivo respecto daqueles cuxa contía sexa superior a 300.000.- € e den lugar a un posterior contrato de obras.*

Oitavo: *Ínstase ós Servizos de Administración Electrónica e de Contratación a garantir e promover a implantación definitiva da denominada contratación electrónica.*

Noveno: *Ínstase a Área de Contratación a elevar á Xunta de Goberno Local no prazo dos seis meses seguintes á adopción deste acordo Pregos-Tipo para os distintos procedementos de adxudicación e para os diferentes contratos nominados.*

Décimo: *Delegar no Alcalde e nos concelleiros de Area mencionados na resolución da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas areas obxecto da súa competencia. Previamente a resolución de inicio do expediente se motivará a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 da Lei de contratos do sector público.*

Décimo primeiro: *Notificar, a través do Servizo de Contratación o presente acordo ós interesados, proceder a súa publicación no BOP e dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano realice.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **13(828).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA HIPOTECA DA CONCESIÓN PARA A CONTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS SITOS NA PRAZA DE FERNANDO EL CATÓLICO, RÚA VENEZUELA E RÚA CORUÑA. EXPTE. 3710/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.07.11, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA, S.L., a constitución dunha hipoteca sobre a concesión administrativa para a construción e explotación dos aparcamentos subterráneos sitos na Praza de Fernando el Católico, Rúa Venezuela e Rúa Coruña da que é titular condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1) A cancelación simultánea da garantía hipotecaria constituída polo anterior



titular da concesión, CONYCASE, S.L., a favor da entidade bancaria BBVA, por un importe de 4.250.315,53 €.

- 2) Inscribir no Rexistro da propiedade a hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión.
- 3) A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional que é de 65 anos contados a partir da adxudicación do concurso.

2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia das escrituras públicas de constitución da hipoteca e de cancelación da hipoteca que actualmente grava a concesión, así como a xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento das devanditas escrituras públicas.

**14(829).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT (REASIGNACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO Á ÁREA DE CULTURA, FESTAS E POLÍTICAS DO BENESTAR E ÁREA DE FOMENTO). EXPTE. 22198/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 14.07.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*En escrito de data 14 de xullo do 2011, a Sra. Concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Políticas do Benestar solicita que se proceda á reasignación do posto de traballo código 440.03 da vixente Relación de Postos de Traballo Municipal (RPT), denominado “Xefe/a do Servizo Administrativo e de Control orzamentario da Área de Servizos Xerais”, adscrito na actualidade á referida Área administrativa de Servizos Xerais, a Área de Cultura e Festas, redeterminando o mesmo como “Xefe/a do Servizo de Xestión e Promoción Cultural”, ante a necesidade de contar cunha xefatura especializada en materia de xestión e promoción cultural na citada área, así como para a prestación de apoio técnico á Sra. Concelleira en relación á actividade de coordinación do funcionamento interdepartamental na área de goberno indicada.*

*Consta a conformidade escrita do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Fomento -na cal se ubica a Área administrativa e funcional de Servizos Xerais- efectuada en data 14 de xullo do 2011, a petición da Sra. Concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas, significando que en todo caso se deberá garantir a dispoñibilidade de persoal técnico de xestión na Área de Servizos Xerais de donde procede o posto de traballo a reasignar.*

*En instrución do servizo emitida polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 14 de xullo de 2011, ordease ao Servizo de Recursos Humanos a realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local da modificación puntual proposta pola Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Políticas do*

Benestar, dispoñendo igualmente a readscripción do posto de traballo existente no Servizo de Cultura, denominado “Técnico/a de Xestión”, código 330.05, á Área de Fomento (Área administrativa e funcional de Servizos Xerais).

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público -que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 da mesma- establece e detalla o réxime de ordenación dos postos de traballo nas Administracións Públicas e a tipoloxía dos instrumentos materializadores da mesma.

O artigo 74 da dita norma establece que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Os ditos instrumentos serán públicos.

II. O EBEP contempla a aplicación da Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público a vixencia o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal d'acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto; instrumento que é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, residencia nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das Relacións de Postos de Traballo ou instrumento equivalente na Xunta de Goberno Local, xuntamente coas retribucións do persoal municipal, sempre de conformidade co orzamento aprobado polo Pleno, e obviamente respectando a competencia plenaria que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

Tal competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine –obviamente salvada a competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que poida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- conleva que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- *Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.*
- *Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.*
- *Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.*
- *Determinación das retribucións básicas e complementarias de conformidade cos orzamentos municipais vixentes en cada momento e nos termos do disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do estado para cada exercicio económico.*

*Na actualidade o Concello de Vigo conta cunha Relación de Postos de Traballo derivada do exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización concedida ás Administracións locais en virtude do artigo 4.1.a da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo non modificado pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.*

*Enténdese pola Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Políticas do Benestar a conveniencia na disposición do citado posto de traballo (Xefe/a do Servizo administrativo e de control orzamentario da Área de Servizos xerais) dentro da nova área de goberno, o cal parece harmonizar co feito de que o funcionario municipal adscrito ao mesmo é titular de unha praza de técnico medio en cultura, escala de Administración Especial, Clase media, Cometidos especiais, subgrupo A2 de titulación, polo cal a priori efectivamente a reconfiguración e reasignación do posto de traballo proposta parece ter a correcta xustificación na incardinación nunha área apropiada tanto aos cometidos especiais como ao contido funcional do posto de traballo obxecto de redenominación, pasando a nomearse “Xefe/a do Servizo de Xestión e Promoción Cultural”.*

*III.- Vistos os antecedentes e fundamentos expostos, e en estricto cumprimento da instrucción do servizo dictada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 11 de xullo de 2011; nos termos das atribucións contempladas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, sómétese ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a Relación de Postos de Traballo municipal, e en consecuencia dispoñer a reasignación do posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo administrativo e de Control Orzamentario da Área de Servizos Xerais” (código 440.03) actualmente adscrito a Área de Servizos Xerais, á Área de Cultura e Festas (código 330) redenominando o mesmo como “ Xefe/a do Servizo de Xestión e Promoción Cultural”, ao obxecto de facilitar a mellora na planificación da actividade da área e materia de promoción e xestión cultural, e para a coordinación interdepartamental existente na mesma, en dependencia directa da Sra. Concellera-delegada da Área, segundo petición efectuada en escrito de data 14/07/2011 e conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Fomento formulada en escrito de mesma data, ambos incorporados ao expediente administrativo.*

*SEGUNDO.- Modificar puntualmente a Relación de Postos de Traballo municipal, e en consecuencia dispoñer a reasignación do posto de traballo denominado “Técnico/a de Xestión” (código 330.05) actualmente adscrito ao Servizo de Cultura, á Área de Fomento (Área funcional de*

*Servizos Xerais, código 440) ao obxecto de garantir a dispoñibilidade de persoal técnico medio na mesma para normal funcionamento dos servizos e unidades que a integran.*

*TERCEIRO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.*

*CUARTO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Concelleiro/as-delegados/as e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación) e Comité de Persoal aos efectos oportunos.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(830).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.